

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### VIGO

#### Persoal, oposicións

#### *RECTIFICACIÓN DE ERROS BASES ESPECÍFICAS OEP 2017-2018-2019 (SEGUNDA FASE)*

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 12 de marzo de 2020, aprobou as bases xerais para todas as prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2017, 2018 e 2019 do concello de Vigo así como as específicas e a convocatoria correspondente ás prazas de Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor-bombeiro, Inspector policía local e Policía Local, incluídas na primeira fase de execución das ditas ofertas de emprego público, que publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 128 de data 7 de xullo de 2020. (Expdte. 34733/220).

Así mesmo, en sesión do 5 de novembro de 2020, a Xunta de Goberno Local aprobou as bases específicas e a convocatoria dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de Enxeñeiro/a de Caminos Canais e Portos, Enxeñeiro/a Industrial, Enxeñeiro/a técnico industrial e Técnico/a de Administración Xeral, incluídas na segunda fase de execución das ofertas de emprego público 2017, 2018 e 2019, que publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 de data 17 de novembro de 2020. (expdte. 36498/220).

Na sesión ordinaria do 11 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo relativo á rectificación de erros detectados a instancia de parte no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data 05/11/2020, no seguinte senso (Expdte 36915/220):

- No punto 3 das Bases Específicas (Enxeñeiro/a técnico/a industrial): onde consta “número de prazas: 1” debe figurar “número de prazas: 2”.
- No tema 20 (Técnico/a de Administración xeral -rama xurídica-, quenda libre) e o tema 36 (Técnico/a de Administración xeral -rama xurídica-, quenda promoción interna) das Bases Específicas: onde consta “A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento”, debe constar “A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.”

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado.

Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).



Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

MDG/bl

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez

A TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (Delegación competencial por Decretos de 18/06/2019, 26/06/2019, 02/09/2019 e 17/08/2020 e acordos da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019, 04/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020).- Elena Espinosa Mangana.

